



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00024743E.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00000075J.

Asumir conforme a normativa patrimonial aplicable, os compromisos esixidos polo Servizo de Patrimonio do Estado para a cesión ao Concello do inmovible situado na rúa Sánchez Freire, núm. 124.

Acórdase, respecto ao inmovible sito no núm. 124 da rúa Sánchez Freire desta cidade de Santiago de Compostela, ASUMIR o COMPROMISO expreso, de que, no caso de que o Estado acordase a súa cesión de propiedade, solicitada polo Concello de Santiago, este Concello :

- ☐ Destinará o ben cedido exclusivamente os fins descritos na solicitude.
- ☐ Non o transmitirá nin gravará de conformidade co disposto no artigo 129 do RGLPAP.
- ☐ Incluirá nos medidos de identificación externos do inmovible e nos de difusión da actividade que no mesmo se desenvolva, unha mención expresa de que se trata de un ben cedido gratuitamente pola Administración General do Estado para o desenvolvemento de fins da cesión.
- ☐ Levará a termo a inscrición rexistral da cesión do inmovible nos termos previstos nos artigos 151 da LPAP e 128 do RGLPAP

Na solicitude púñase de manifesto que este inmovible, pola súa situación no entorno do Camiño Portugués e pola proximidade ao Centro sociocultural municipal Aurelio Aguirre, reúne condicións para servir como dotación pública que complementa ás actividades dese centro sociocultural ou outras propias, ou mesmo que neste se desenvolvan actividades relacionadas co Camiño Portugués.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00037400X.

Adxudicación do contrato de “Subministración uniformidade 12 policías novo ingreso ofertas emprego público no ano 2022” a SAGRES SL por 31.884,48 euros, IVE excluído.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Subministración uniformidade para 12 policías de novo ingreso ofertas emprego público no ano 2022 a SAGRES SL que presenta unha oferta económica de 31.884,48 € máis IVE por importe 6.695,74 €.

Desígnase como responsable do contrato o Inspector principal xefe accidental da Policía Local , de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Autorizar e comprometer crédito por importe de **38.580,22 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 221040

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00041822Q.

Adxudicación do expediente de “Subministración e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.” a SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA SA.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir os requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto a Subministración e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea a SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC), por presentar a mellor oferta cunha proposición económica de 260.869,50 €, IVE excluído.

O licitador oferta unha ampliación do prazo de garantía de 2 anos.

De acordo coa cláusula 19 do PCAP désígnase como responsable do contrato o xefe de servizo de Informática

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **315.652,10 €** con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 2018 2 EDUSI 6.

Este expediente forma parte do Proxecto “Infraestruturas TIC para la Administración Electrónica y la Innovación” que conta coa financiación do “FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER)” - “ESTRATEGIA DE DESARROLLO URBANO, SOSTENIBLE E INTELIGENTE (EDUSI)

5. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00058419F.

Aprobación do pagamento anticipado das subvencións concedidas de Cooperación ao Desenvolvemento 2022 de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Aprobación do pagamento anticipado das seguintes entidades solicitantes que resultaron beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria de subvencións de Cooperación ao Desenvolvemento 2022 do Concello de Santiago de Compostela, por cumprir os requisitos válidos para que se proceda ao pagamento anticipado:

RAZÓN SOCIAL	CONCEDIDO CAP.IV	CONCEDIDO CAP.VII
ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ	24.999,93	
SOLIDARIEDAD INTERNACIONAL DE GALICIA	19.245,08	5.744,07
AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE	23.400,00	1.600,00
ARQUITECTURA SIN FRONTERAS ESPAÑA	3.826,35	19.200,00
FUNDACIÓN VICENTE FERRER		25.000,00
SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO		20.064,48
ASOC PROYDE		21.592,13
COOPERACIÓN VICENCIANA PARA EL DESARROLLO - ACCIÓN MISIONERA VICENCIANA DE ESPAÑA (COVIDEAMVE)		1.428,32
TOTAL	71.471,36	94.629,00

IMPORTE TOTAL PAGAMENTO ANTICIPADO: **166.100,36 EUROS.**

Segundo. Recoñecemento das obrigas e ordenación do pagamento dos anticipos solicitados polas entidades beneficiarias das subvencións concedidas con cargo nas aplicacións orzamentarias 070 23103 4900100 (capítulo IV) e 070 23103 7900000 (capítulo VII) Proxecto de Gasto 2021 2 TCOOP 53

Terceiro. Autorización da ampliación do prazo de realización dos proxectos obxecto da convocatoria de subvencións de Cooperación ao desenvolvemento 2022 do Concello de Santiago, que quedaría establecido ata o día 30 de setembro de 2023 e manter o prazo de xustificación das subvención concedidas o 30 de setembro de 2023.

Cuarto. Proceder á publicación da ampliación do prazo no portal de subvencións da BDNS

Quinto. Comunicación do dito acordo ás entidades beneficiarias da subvención concedida

6. DEPORTES. Referencia: 2022/00053304K.

Xustificación da subvención concedida ao CD CONXO ao abeiro da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de xustificación presentado polo CD CONXO así como, a contía definitiva a subvencionar por un valor de 12.804,72 €, previa fiscalización por parte da Intervención Municipal.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CD CONXO por un importe de 12.804,72 €